



NOTA DE PRENSA

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) pregunta pola derogación da Orde que declaraba o acivro especie protexida

Santiago, de Compostela, 9 de febreiro. - O COBGA ven de dirixirse á Consellería de Medio Ambiente pola sorprendente decisión, tanto polo propio feito en sí como polo procedemento elixido ("camuflada" nun Decreto que regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental) de derogar unha Orde do ano 1984 que declaraba o acivro (*Ilex aquifolium L.*) especie protexida no territorio de Galicia en atención "á importancia ecolóxica do acivro e a súa utilidade para a fauna silvestre".

O organismo colexial pretende saber o estudo, informe, memoria científica, etc. no que se baseou a administración autonómica para tomar este acordo.

En efecto, o acivro é unha planta importantísima, entre outras cousas, para a fauna silvestre: "La utilización preferente de esta planta nace de la escasa disponibilidad de recursos del habitat y está ligada al comportamiento de alimentación y dieta en el invierno, regulación térmica y refugio ante los predadores que proporciona la planta". Guitián (1983).

O COBGA solicita que se inclua o acivro como especie vulnerable no catálogo galego de especies ameazadas.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
981 53 14 40